

María Gaetana Agnesi (Milán, 1718-1799)



Distinguiuse dende moi nova como políglota e polemista ilustrada.

Pasou á historia como matemática, lingüista, filósofa e mesmo teóloga.

En 1738 publica *Propositiones philosophicae*, 190 ensaios de filosofía, lóxica, mecánica, elasticidade, mecánica celeste e gravitación universal.

En 1748, publica *Instituzioni analítiche ad uso della gioventú italiana*, tratado ao que se lle atribúe ser o primeiro libro de texto que acometeu conxuntamente o cálculo diferencial e o cálculo integral, no que explicitaba ademais a súa natureza de problemas inversos.

Para a Historia das Matemáticas, Agnesi é importante polas súas contribucións ao cálculo diferencial e integral, así como pola súa influencia na divulgación do Cálculo.

Tamén é unha das personaxes máis citadas nas reflexións sobre o papel histórico das mulleres nas Matemáticas: baste considerar que as *Instituzioni analítiche* son, segundo algunhas persoas, unha das obras matemáticas de autoría feminina máis antiga que se conserva.